



Escoita en Youtube as explicacións
do comisario da exposición

ARQUITECTURAS AÑORADAS: O PEIRAO

Comisario
Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

Museo das Mariñas
Exposición temporal
Agosto - Outubro 2025



Luns a venres



De 9 a 14h



@BAMbetanzos



<https://bam.betanzos.gal>

Jenaro Pérez Villaamil, Emilia Pardo Bazán, Lloréns, Arturo Souto, Pérez Lugín, Camilo Díaz Baliño, Castelao, Ksado, Álvaro Cebreiro, Xulio Cuns ou Jesús Núñez empregaron o Peirao como inspiración para as súas obras. Esta zona a extramuros da cidade, xa moi transformada, combinaba tres elementos que a facían única: os restos da Ponte Nova de orixe medieval, o estuario que cubría de auga boa parte da paisaxe e a arquitectura tradicional desa liña de casas que se localizaban ao pé do río Mendo.



O Peirao chegou ao século XX mantendo boa parte da súa fisionomía, padecendo nesta centuria a gran transformación e a perda por completo da esencia deste punto da Ribeira.



A través da documentación da Biblioteca, Arquivo e Museo municipais de Betanzos, así como doutra procedente do Arquivo do Reino de Galicia, Daniel L. Teijeiro reconstrúe a historia deste recuncho da cidade. Grazas ao seu traballo, o Centro Infográfico Avanzado de Galicia (CIAG) puido reconstruír dixitalmente a imaxe que aínda moitos recordan do Peirao.



Agora por primeira vez podemos ver en Betanzos estas restitucións en 3D, acompañadas dos documentos e das imaxes que serviron de base do traballo de investigación. Para iso, a mostra artéllase a través de varios apartados, nos que a veciñanza pode coñecer primeiramente cal sería o estado do Peirao antes do 1900, seguido da súa evolución na primeira metade do século XX, o acontecido coa demolición da Ponte Nova e a urbanización do espazo que tivo lugar nas derradeiras décadas do século. A maiores, existen outras dúas vitrinas: unha, dedicada ao Peirao na arte, que se acompaña con gravados de Manuel Castro Gil e Jesús Núñez; e outra cunha mostra de documentos para coñecer o lugar de nacemento dos irmáns García Naveira e os oficios desaparecidos dos veciños que habitaron este lugar a mediados do século XIX.